

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha disposición crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirllle para desenvolverse como persoa e como cidadán, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión da persoa en si mesma e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como «preguntar radical» mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoo á crítica e ao contraste doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Con este tratamento, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a filosofía eríxese nunha ferramenta moi interesante para contribuír ao logro das máis importantes expectativas descritas nas competencias clave. É patente que as competencias clave deben estar perfectamente integradas nas propostas curriculares das áreas e materias, para desenvolver, de forma coherente e precisa, os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe conseguir. Neste sentido, esta materia, dentro da implicación das competencias clave no sistema educativo, pode contribuír a desenvolver especialmente as seguintes competencias: a competencia en comunicación lingüística, a competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia cidadá e a competencia en conciencia e expresión culturais. Cómpre valorar que, dun xeito claramente salientable, a materia no seu conxunto debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia basal para a adquisición do amor ao saber, o que constitúe un eixe paradigmático para afrontar a vida e o mundo, dotando o alumnado de valiosos apeiros para, desde a iniciativa individual, formalo como persoa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigorosa delas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación cos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as achegas culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas, e sêrvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico con que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia	1					3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	É posible vivir en soidade?	Aproximación á natureza social do ser humano e reflexión sobre como nos afecta o proceso de socialización.	12	12	X		
2	Podemos facer sempre o que nos apeteza?	Reflexión sobre ata que punto somos libres ou estamos condicionados os seres humanos.	11	11	X		
3	Somos idiotas?	Comparación entre democracia e totalitarismo e reflexión sobre ata que punto nos ha de importar a democracia.	11	12	X		
4	Tes razóns para crer o que cres?	Introdución ás principais teorías filosóficas do coñecemento e reflexión sobre os perigos da manipulación na era das fake news.	11	12		X	
5	Un clon meu sería eu?	Reflexión en torno a como nos afectan as emocións e cales son as características da nosa personalidade.	11	12		X	
6	Que sabemos do mundo?	Introdución ás preguntas metafísicas sobre a realidade e sobre o universo.	11	11		X	
7	É posible vivir sen arte?	Introdución á estética e valoración da importancia das artes.	11	11			X
8	Que sentido ten a vida?	Reflexión sobre a propia existencia, a vida como proxecto e a morte como límite.	11	12			X
9	Por que nos facemos preguntas?	Reflexión sobre a importancia das preguntas filosóficas e valoración do nacemento da filosofía e a súa consolidación ao longo da historia.	11	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	É posible vivir en soidade?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen o ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de «cultura» e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Realiza por escrito os principais conceptos en torno á natureza e a cultura no ser humano.	PE	70
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Realiza unha análise sobre o proceso de socialización e a influencia que exerce en nós o proceso de socialización de xénero, comunicando oralmente as súas conclusións.		
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Leva a cabo un traballo de investigación sobre produtos culturais (películas, libros, artigos...) relacionados cos contidos desta unidade e faino cunha actitude indagadora, autónoma e activa.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	Podemos facer sempre o que nos apeteza?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Realiza un esquema comparativo entre a postura do determinismo e a do libre albedrío, empregando e demostrando comprender os conceptos principais desta unidade e ofrecendo de maneira argumentada a súa valoración persoal en torno a ditas posturas.	PE	70
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Explica de forma escrita as diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade.		
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Analiza textos filosóficos sobre o problema da liberdade, identificando as ideas principais e ofrecendo por escrito a súa valoración crítica dos mesmos.		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Participa de maneira respetuosa, aberta e construtiva nun diálogo en torno a como pode afectar á liberdade o control a través das redes sociais e a exposición constante á valoración dos demais.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. - Determinismo e liberdade.

UD	Título da UD	Duración
3	Somos idiotas?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do Estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións a eles.	Explica por escrito as diferentes teorías sobre a orixe da sociedade, a formación do estado e os retos da nosa sociedade no século XXI.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza unha investigación analizando e interpretando textos en diferentes formatos (audiovisual e escrito) sobre a crítica de Hannah Arendt ao totalitarismo.		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Participa de maneira respetuosa, aberta e construtiva nun diálogo en torno aos perigos e consecuencias dos totalitarismos.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do Estado. - Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
4	Tes razóns para crer o que cres?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Recoñece a diferenza entre basear o noso coñecemento en razóns e basealo en desexos, analizando as consecuencias do noso coñecemento nas nosas accións.		
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Realiza unha táboa comparativa entre as escolas filosóficas do racionalismo, o empirismo e o criticismo.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza unha táboa comparativa entre as posturas filosóficas do dogmatismo, do escepticismo e do relativismo.		
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	A partir da película Don't look up, realiza unha valoración sobre os perigos das fake news e da postverdade, apreciando o valor da verdade como principio que debe rexer a nosa acción (tanto a nivel individual como político).	TI	30
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realiza unha exposición oral explicando publicamente a comparación entre algunhas das escolas ou posturas filosóficas recollidas nas táboas que elaborou nesta unidade.		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	De maneira colaborativa, analiza o valor de verdade de diferentes afirmacións intentando recoñecer o criterio de verdade no que se basean e preguntando as dúbidas que lle xurdan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
5	Un clon meu sería eu?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Realiza unha reflexión escrita sobre a definición da personalidade e recolle as súas conclusións sobre ata que punto a nosa personalidade está determinada pola nosa xenética.	PE	70
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Aplica o estudo das teorías sobre a motivación á análise da súa propia motivación na etapa vital que está atravesando e compara as súas reflexións coas dos demais compañeiros e compañeiras.		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Aplica o estudo das emocións á análise da súa súa propias emocións na etapa vital que está atravesando e compara as súas reflexións coas dos demais compañeiros e compañeiras.		
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Realiza un traballo de investigación a partir de diferentes fontes fiables que exemplifícan o traballo de diferentes científicos no ámbito da filosofía da mente e da neurociencia.	TI	30
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas da dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	A partir dalgunha obra audiovisual, reflexiona sobre as posturas do dualismo, o monismo e o emerxentismo demostrando saber identificar e diferenciar ditas posturas.		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza un traballo de investigación a partir de diferentes fontes fiables que exemplifícan o traballo de diferentes científicos no ámbito da filosofía da mente e da neurociencia.		
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Expón oralmente os resultados da súa investigación sobre o traballo de diferentes científicos no ámbito da filosofía da mente e da neurociencia.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Elabora a súa propia ventá de Johari e participa na construción da táboa das compañeiras e compañeiros de maneira construtiva, aberta e respectuosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica.

Contidos

- A personalidade.
- Teorías e tipos de personalidade.
- O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade.
- Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista.
- As emocións e a afectividade.

UD	Título da UD	Duración
6	Que sabemos do mundo?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer o significado do termo «metafísica», comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o «preguntar radical».	Realiza unha composición creativa (texto, ilustración, vídeo...) a partir do significado do termo metafísica e a partir da lectura de textos en torno ao preguntar radical sobre a realidade.	PE	70
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Realiza unha táboa comparativa recollendo as características das principais teorías sobre o universo ao longo da historia.		
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Aplica os coñecementos sobre as teorías cosmolóxicas a algunha película ou documental sobre o cosmos.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A metafísica e a pregunta polo ser das cousas.
- Cosmoloxía e filosofía da natureza.
- A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos.
- Determinismo e indeterminismo físicos.

UD	Título da UD	Duración
7	É posible vivir sen arte?	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Reflexiona (ofrecendo de maneira crítica a súa opinión) sobre como a nosa creatividade se pode ver reducida cando se coarta a nosa liberdade.	PE	70
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Analiza as diferentes fases do proceso creativo realizando un esquema visual e valora a importancia da imaxinación e da colaboración creativa.		
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Le en alto algún texto representativo do ámbito da estética filosófica para entender o seu obxecto de estudo.	TI	30
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Deseña e realiza un traballo creativo que teña unha dimensión filosófica (a partir de calquera das cuestións estudadas ao longo do curso), aplicando como a arte pode servir de vehículo para transmitir ideas filosóficas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade. - A arte e a procura da beleza. - A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos. - Técnicas e fases do proceso creativo. - Creación colaborativa.

UD	Título da UD	Duración
8	Que sentido ten a vida?	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Elabora unha disertación escrita partindo das teorías filosóficas estudadas para ofrecer a súa propia postura en torno a algunha das preguntas formuladas sobre a vida e a morte.	PE	70
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Comunica publicamente de maneira oral a disertación realizada nesta unidade, demostrando unha actitude autónoma e activa.	TI	30
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Participa nos diálogos propostos a partir das diferentes cuestións tratadas nesta unidade didáctica, mantendo unha actitude racional, respectuosa, aberta e construtiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
9	Por que nos facemos preguntas?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en canto a saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Realiza por escrito unha valoración crítica acerca da importancia e da utilidade da filosofía, a modo de conclusión do curso.	PE	70
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Realiza unha comparación entre as explicacións mitolóxicas da Antiga Grecia e as explicacións racionais dos primeiros filósofos, argumentando por que son importantes as explicacións racionais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións a que responden.	Indaga cales foron os principais problemas filosóficos da Idade Antiga, da Idade Media, da Idade Moderna e da Idade Contemporánea.		
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza un esquema diferenciando as principais épocas históricas da cultura occidental e organizando correctamente a información sobre os filósofos máis importantes de cada unha desas épocas.	TI	30
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Comunica publicamente a súa valoración crítica sobre a importancia e a utilidade da filosofía, a modo de conclusión do curso.		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Participa, demostrando unha actitude construtiva, nun diálogo grupal sobre a importancia de facernos boas preguntas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofía. - O papel das mulleres na cultura e na filosofía. - O pensamento galego.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo coas orientacións pedagóxicas indicadas no artigo 10.4 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, nesta materia poñeremos en práctica as seguintes concrecións metodolóxicas:

O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a súa capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a

autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

A xeración dunha experiencia real de descubrimento dos interrogantes filosóficos, a partir da cal se invite o alumnado á investigación analítica en torno a eles.

A avaliación crítica das diversas respostas que se lles deron aos interrogantes filosóficos e a construción rigorosa dos seus propios posicionamentos persoais. O desenvolvemento dunha praxe consecuente cos devanditos posicionamentos e que poida orientar a vida persoal, social e profesional das alumnas e dos alumnos.

O favorecemento da natureza dialóxica, participativa, interdisciplinar, creativa e comprometida con problemas de relevancia que posúe en si mesma a actividade filosófica.

A orientación cara ao logro da autonomía persoal e o exercicio crítico e ecosocialmente responsable da cidadanía.

O desempeño concreto na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.

O despregamento de estratexias como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión activa e desde a posta en práctica das dificultades e as fortalezas do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes coas explicacións teóricas
Taboleiro dixital con recursos variados
Portafolios persoal do alumnado

Para esta materia non é necesario mercar libro de texto: a docente facilitará os materiais de estudo. Na aula virtual da materia, o alumnado atopará uns taboleiros dixitais creados para cada unha das unidades didácticas que compoñen o curso. A través deles, o alumnado poderá acceder a todo o material empregado na aula (poderá descargar os apuntes que se entregan na aula, as fichas de exercicios, instrucións dos traballos...) e ademais terá acceso a materiais para poder afondar máis en cada unidade didáctica (seguindo as medidas de enriquecemento curricular), vídeos explicativos, enlaces a artigos dixitais, diferentes recomendacións cinematográficas e suxestións de lecturas relacionadas con cada unidade didáctica.

Recoméndase ao alumnado que elabore o seu propio portafolios para esta materia, é dicir, que dispoña dunha carpeta de aprendizaxe na que poida gardar de forma ordenada e ben presentada todo o material que irá recompilando nesta materia ao longo do curso (apuntes, esquemas, reflexións, resumos, disertacións, traballos, ilustracións, fichas de lectura, etc.).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten unha finalidade diagnóstica: serve para determinar as capacidades e coñecementos previos do alumnado, así como a súa actitude, motivación ou interese. O propósito desta fase da avaliación é adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás súas características, para asegurarnos de que as medidas de atención á diversidade sexan as correctas e de que a metodoloxía que imos despregar sexa a máis axeitada. A avaliación inicial tamén busca facer ao alumnado consciente dos seus coñecementos previos, necesidades e intereses e espertar neles unha motivación cara á aprendizaxe. A primeira unidade didáctica desta materia servirá como introdución á materia de Filosofía e permitiranos realizar unha valoración dos coñecementos, destrezas, necesidades, capacidades e actitudes do alumnado. Para a realización da avaliación inicial terase en conta:

A observación sistemática do traballo individual ou colectivo e as actitudes do alumnado, para o cal nos serviremos do caderno docente. Isto dará lugar a que se regule de forma axeitada a xestión grupal da aula. Se non observamos hábitos de traballo colaborativo no alumnado, introduciremos gradualmente diferentes técnicas: parellas, dobres parellas, etc. Dependendo do nivel de conflitividade observado na aula, consideraremos se é necesario establecer de

maneira consensuada unhas normas básicas de convivencia ou unha reordenación da ubicación do alumnado na aula.

A corrección de probas específicas deseñadas para medir o nivel de coñecementos previos, incidindo especialmente sobre os contidos máis transversais das materias que teñan que ver coa competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) e coa competencia persoal, social e de aprender a aprender (prestando atención á interacción, ao diálogo e ao recoñecemento e respecto cara os demais), por ser estas as competencias que comportan un maior peso nas materias do Departamento de Filosofía. Dependendo do nivel de desempeño competencial demostrado, reforzaranse técnicas e ferramentas de traballo básicas ou avanzaranse máis rápido sobre elas, sen que isto implique restar importancia ao proceso de sentar as bases de traballo en cada unha das materias.

A realización por parte do alumnado dun cuestionario persoal acerca dos seus intereses, metas, expectativas e dificultades de aprendizaxe. Esta ferramenta proporciónanos información sobre como se perciben conscientemente os nosos alumnos e alumnas a eles mesmos, pero non exige dunha observación allea a esa autopercepción para detectar outras posibles necesidades que han de quedar cubertas por un correcto plan de atención á diversidade. A obtención de datos sobre as súas metas ou intereses permitirános relacionar os contidos da materia con eses intereses particulares, para reforzar a motivación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación trimestral: Ao final de cada avaliación realizarase unha proba escrita para avaliar as unidades didácticas traballadas ao longo dese trimestre. A cualificación de dita proba terá un peso dun 70% na nota da avaliación. O outro 30% da nota obterase a partir da realización das tarefas ou traballos propostos para cada unidade didáctica. Para ter unha cualificación positiva na avaliación trimestral será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 entre a proba escrita (70%) e os traballos (30%).

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.6 ou un 4.7 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.5 ou un 4.4 se redondean ao 4). Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

O alumnado poderá mellorar a súa cualificación trimestral mediante a realización de lecturas de carácter voluntario:

para contribuír ao plan lector do centro, realizaremos suxestións de lecturas relacionadas cos contidos de cada unidade didáctica, que o alumnado pode levar a cabo de maneira completa durante cada trimestre. A avaliación da lectura realizarase mediante unha ficha de análise e reflexión na que o alumnado demostrará a súa comprensión do libro así como a súa valoración crítica do mesmo. Tamén se realizará unha breve entrevista oral para intercambiar co alumnado as súas impresións sobre as lecturas realizadas. Cada lectura poderá sumar 0,25 puntos sobre a nota da avaliación trimestral.

Cualificación da avaliación final: A cualificación final do curso obterase da media obtida entre as cualificacións correspondentes a cada unha das tres avaliacións que compoñen o curso (tendo en conta a nota real con decimais e non a aproximación realizada no boletín de notas trimestral). Para que a cualificación sexa positiva deberá acadarse unha nota media igual ou superior a 5.

O plaxio e as prácticas deshonestas na demostración das aprendizaxes por parte do alumnado serán penalizadas: Se a docente observa que algún alumno ou alumna realiza un exame de maneira deshonestas coas normas que se aplican para a demostración obxectiva das aprendizaxes o exame será penalizado cunha cualificación de 0 sen dereito á recuperación trimestral, debendo acudir o alumno ou alumna á recuperación da avaliación extraordinaria se a súa nota media obtida a partir das tres avaliacións trimestrais non fose igual ou superior a 5. Exemplos de prácticas deshonestas nos exames: copiar con chuletas, empregar o teléfono móbil ou calquera outro dispositivo de almacenaxe de datos, preguntar aos compañeiros ou copiar deles, interromper un exame de forma disruptiva ou dicir as respostas dalgunha pregunta en alto, etc. Respecto aos traballos individuais ou colectivos que sexan realizados de forma deshonestas ou incurrindo en plaxio, serán penalizados cunha cualificación de 0 sen posibilidade de recuperación, aplicándose o mesmo criterio que nos exames (se na cualificación da avaliación final non se acada unha nota igual ou superior a 5, deberán presentarse á recuperación mediante a avaliación extraordinaria). Exemplos de prácticas deshonestas nos traballos: realizar un traballo individual copiando por algún compañeiro ou compañeira, incluíndo a paráfrase a partir dos traballos dos demais nos traballos que impliquen reflexión propia; plaxiar contidos da Internet ou doutras fontes (o plaxio implica que non se citen as fontes ou se pretenda empregar as palabras dos demais como as propias, o cal atenta contra o dereito á propiedade intelectual); encargar a realización do traballo a outra persoa (ante a presentación dun traballo realizado na casa, o alumnado ha de poder demostrar posteriormente que o traballo foi realizado por el mesmo mediante unha avaliación de carácter oral sobre dito traballo: isto aplícase tamén ás fichas e traballos sobre as lecturas voluntarias), etc.

O alumnado deberá respectar as datas de entrega acordadas para os diferentes traballos: os traballos e fichas de lectura entregados fóra do prazo establecido sen causa xustificada non serán avaliados.

Cualificación de cada unidade didáctica: Cada unidade didáctica avaliarase cunha nota do 0 ao 10, que resultará da suma da cualificación obtida en cada unha das tarefas desempeñadas. O alumnado recibirá as instrucións de ditas tarefas ao inicio de cada unidade didáctica, así como a información relativa aos puntos que vale cada tarefa (e isto establécese tomando como referencia as porcentaxes atribuídas a cada criterio de avaliación nesta unidade didáctica).

Cualificación de cada avaliación trimestral: A cualificación de cada avaliación trimestral obterase a partir da nota media obtida en cada unha das unidades didácticas traballadas durante cada un dos trimestres, sendo necesario obter unha nota media igual ou superior a 5 para que dita cualificación trimestral sexa positiva.

O alumnado poderá mellorar a súa cualificación trimestral mediante a realización de lecturas de carácter voluntario: para contribuír ao plan lector do centro, realizaremos suxestións de lecturas relacionadas cos contidos de cada unidade didáctica, que o alumnado pode levar a cabo de maneira completa durante cada trimestre. A avaliación da lectura realizarase mediante unha ficha de análise e reflexión na que o alumnado demostrará a súa comprensión do libro así como a súa valoración crítica do mesmo. Tamén se realizará unha breve entrevista oral para intercambiar co alumnado as súas impresións sobre as lecturas realizadas. Cada lectura poderá sumar 0,25 puntos sobre a nota da avaliación trimestral.

Cualificación final: A cualificación final do curso obterase da media obtida entre as cualificacións correspondentes a cada unha das tres avaliacións que compoñen o curso (tendo en conta a nota real con decimais e non a aproximación realizada no boletín de notas trimestral). Para que a cualificación sexa positiva deberá acadarse unha nota media igual ou superior a 5.

O plaxio e as prácticas deshonestas na demostración das aprendizaxes por parte do alumnado serán penalizadas, tendo que repetir a tarefa de forma autónoma e demostrando entender por que é importante evitar ditas prácticas deshonestas. Exemplos de prácticas deshonestas nos traballos: realizar un traballo individual copiando por algún compañeiro ou compañeira, incluíndo a paráfrase a partir dos traballos dos demais nos traballos que impliquen reflexión propia; plaxiar contidos da Internet ou doutras fontes (o plaxio implica que non se citen as fontes ou se pretenda empregar as palabras dos demais como as propias, o cal atenta contra o dereito á propiedade intelectual); encargar a realización do traballo a outra persoa (ante a presentación dun traballo realizado na casa, o alumnado ha de poder demostrar posteriormente que o traballo foi realizado por el mesmo mediante unha avaliación de carácter oral sobre dito traballo: isto aplícase tamén ás fichas e traballos sobre as lecturas voluntarias), etc.

O alumnado deberá respectar as datas de entrega acordadas para os diferentes traballos: os traballos e fichas de lectura entregados fóra do prazo establecido sen causa xustificada non serán avaliadas.

Onde se recollerán as cualificacións do alumnado? As cualificacións do alumnado recolleranse no caderno docente. O alumnado recibirá a cualificación dos traballos realizados do seguinte xeito: cando sexan traballos escritos, poñeráselle a nota no traballo e este seralle devolto coas correccións oportunas; cando a tarefa consista en participar nun diálogo na aula ou nunha exposición oral, a cualificación realizarase de xeito oral e inmediatamente posterior a dita tarefa, quedando rexistrada dita cualificación no caderno docente e podendo tomar nota o alumnado de dita cualificación.

Criterios de recuperación:

Recuperación dunha avaliación trimestral: O alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 nalguna das avaliacións trimestrais terá dereito a realizar unha recuperación mediante unha proba escrita (que se poderá realizar durante o período desa mesma avaliación ou durante a seguinte) ou volvendo a presentar as actividades ou traballos requeridos. En todo caso, mediante un plan de recuperación individualizado, especificarase a cada alumno ou alumna que se atope nesta situación que contidos debe preparar e como se lle vai avaliar de ditos contidos, en función das actividades que tivera superadas ou suspensas nesa avaliación.

Recuperación final: Ao final do curso, para o alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 entre as tres avaliacións trimestrais, propoñeráselle un plan de recuperación individualizado para realizar no mes de xuño, antes da data da avaliación final, que poderá consistir na realización dunha proba escrita ou na presentación dun traballo para reforzar os contidos que non superara durante o curso. O alumnado que teña superada algunha das tres avaliacións pero que non acade unha nota media entre as tres igual ou superior ao 5, terá que recuperar só a parte correspondente ás avaliacións non superadas e a cualificación obtida reflectirá a nota media entre as tres avaliacións.

6. Medidas de atención á diversidade

As actividades que se realizarán nesta materia están pensadas para que o seu desenvolvemento na aula favoreza a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións do alumnado. Os principios que rexirán a atención á diversidade na aula serán os seguintes:

Inclusión: A educación inclusiva debe responder á diversidade de todos os educandos a través dunha maior participación na aprendizaxe e reducir a exclusión.

Normalización: Respecto ás medidas de atención á diversidade, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador, de maneira que aquelas de carácter máis específico ou extraordinario serán adoptadas cando as anteriores sexan insuficientes.

Flexibilidade: Ditas medidas serán flexibles, polo que ao longo do curso poderán suprimirse algunhas ou adoptarse outras novas, dependendo das necesidades do alumnado, que se atopan en constante evolución.

Colaboración: Debido a esa evolución constante do alumnado, será importante realizar unha avaliación continuada da eficacia das medidas adoptadas, mantendo unha colaboración permanente co Departamento de Orientación do centro, así como cos titores e as familias do alumnado.

Partimos de que entre o noso alumnado existe unha diversidade natural polo que respecta aos seus intereses, motivación, técnicas de estudo e características persoais de todo tipo. Tendo en conta simplemente o nivel de motivación e de rendemento académico, encontraremos diferentes tipos de necesidades ás que responderemos mediante as seguintes medidas:

Enriquecemento curricular: Os contidos serán enriquecidos con material extra que poderá atoparse a través do portal web de recursos ou da aula virtual. Para atender particularmente ao alumnado que presente unha alta motivación cara o estudo ou unha gran capacidade creativa, propoñeremos actividades multi-nivel, nas que se fixarán os requisitos mínimos pero permitiránse diferentes niveis de perfeccionamento. Desta maneira, estamos evitando que este tipo de alumnado teña que realizar tarefas extra: trátase de que todos realicen as mesmas tarefas pero que cada un as desenvolva ao nivel máis axeitado ás súas capacidades, dentro duns requisitos mínimos e xerais para todos.

Actividades de seguimento (plans de reforzo e de recuperación): Os plans de reforzo pretenden ofrecer un apoio personalizado ao alumnado que presente máis dificultades na aprendizaxe dunha materia ou no desenvolvemento dalgunha competencia clave. Implicarán unha secuenciación de actividades durante un tempo determinado e intentarase que o alumnado reflexione de maneira consciente sobre cales son os seus problemas e como poden solucionarse. Respecto aos plans de recuperación, deseñaranse actividades de seguimento para o alumnado que teña que recuperar estándares de aprendizaxe pendentes ou para o alumnado que teña que recuperar algunha avaliación. Atendendo ás medidas específicas de atención dirixidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, estas adoptaranse en función da necesidade específica e de acordo ás indicacións do Departamento de

Orientación. En todo caso, procurarase que as medidas adoptadas fagan referencia ás diversas situacións de aprendizaxe propostas na aula. Para promover dun xeito máis concreto a mellora das dificultades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, poderemos propoñer, de resultar apropiado, actividades específicas en cada unidade didáctica que sexan de interese e de axuda para mellorar esas necesidades sen que supoñan unha carga extra de traballo.

O Departamento de Filosofía levaría a cabo unha Adaptación Curricular Individualizada logo de ser detectada a necesidade da mesma nunha avaliación psicopedagóxica dun alumno ou alumna en concreto, sempre en coordinación co Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e o titor/titora correspondente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita fomentando o espírito crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade efectiva entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Vaores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Desartellamento dos prexuizos e estereotipos sexistas.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade, traballo en equipo e espírito emprendedor.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita fomentando o espírito crítico.	X
ET.2 - Igualdade efectiva entre mulleres e homes.	X
ET.3 - Vaores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia.	X
ET.4 - Desartellamento dos prexuizos e estereotipos sexistas.	X
ET.5 - Creatividade, traballo en equipo e espírito emprendedor.	X

Observacións:

Os elementos transversais propostos para traballar nesta materia baséanse nos cinco puntos establecidos no Artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais deses elementos transversais, o Departamento de Filosofía comprométese traballar para o cumprimento dos obxectivos xerais do noso Proxecto Educativo: superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades; aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo; asegurar a igualdade efectiva na educación; conseguir que as relacións na comunidade educativa (co entorno, entre as persoas, coas familias, co medio xeral...), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables; fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa no desenvolvemento das actividades do centro; combater a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado; superar os estereotipos sexistas; respectar o carácter aconfesional do centro; facilitar unha formación que permita a incorporación a unha sociedade de dereito; e propiciar o bo uso das TIC.

En canto aos obxectivos do PEC relacionados coa convivencia, dende o Departamento velarase polo seu cumprimento, tratando de fomentar o coñecemento dos nosos dereitos e deberes como membros dunha comunidade educativa, o respecto polos espazos públicos e polos bens e materiais de uso común que temos no centro, e a conciencia ante a necesidade de expresarse sen facer uso da violencia verbal e sabendo diferenciar os ámbitos e rexistros coloquiais dos académicos e profesionais.

Sempre que sexa posible, o Departamento de Filosofía tratará de colaborar con outros departamentos do centro para traballar de maneira interdisciplinar estes elementos transversais ao longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se contemplan actividades complementarias para esta materia.	Non procede.	X	X	X

Observacións:

Non se contemplan actividades complementarias

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Unidades didácticas realmente traballadas en cada trimestre / Porcentaxe dos contidos traballados en cada unidade / Número de sesións adicadas a cada unidade
Metodoloxía empregada
Dificultades atopadas coa metodoloxía / Grao de satisfacción do alumnado da metodoloxía empregada
Medidas de atención á diversidade
Necesidades detectadas e avaliación da idoneidade das medidas adoptadas
Nivel de participación e de benestar emocional observado no alumnado / Grao de satisfacción do alumnado co clima de traballo xerado

Clima de traballo na aula
Dificultades atopadas coa xestión do espazo na aula e cos recursos empregados / Grao de satisfacción do alumnado cos recursos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dificultades atopadas na comunicación e colaboración co resto do equipo docente e coas familias / Propostas de mellora suxeridas

Descrición:

Para levar a cabo o seguimento e a avaliación da programación didáctica teranse en conta tanto os resultados obtidos polo alumnado nas diversas unidades didácticas, como o desenvolvemento da propia práctica docente. A avaliación da programación didáctica terá un carácter continuo e apoiarse nos datos obtidos a través da folla de cálculo dixital que recolle as cualificacións obtidas polo alumnado; do caderno docente, no que se rexistran as continxencias e dificultades atopadas semanalmente; e dos cuestionarios realizados polo alumnado ao termo de cada unidade didáctica. Con carácter trimestral cubrirase unha folla de seguimento da programación didáctica, na que se revisarán os seguintes aspectos:

Planificación das unidades didácticas: Rexistraranse as unidades didácticas traballadas durante o trimestre, a porcentaxe dos contidos de cada unidade que se traballaron e a adecuación da temporalización programada para cada unidade didáctica. Anotaranse as continxencias ou dificultades atopadas, realizando suxestións de mellora. **Resultados:** Indicarase o número de alumnos e alumnas que non superan os criterios de avaliación mínimos. Respecto ao alumnado que si supera os criterios de avaliación mínimos, indicarase o grao medio de adquisición das competencias a nivel de grupo (datos que se extraerán da folla de cálculo dixital). Indicaranse os posibles problemas detectados e as suxestións de mellora propostas.

Atención á diversidade: Recolleranse as medidas ordinarias e específicas adoptadas que sexan susceptibles de ser melloradas, e as novas necesidades que foran detectadas, xunto coas posibles medidas que se propoñan para resolver esas novas necesidades.

Metodoloxía, actividades, recursos e avaliación: Para estes apartados, teranse en conta os cuestionarios de avaliación da práctica docente realizados polo alumnado, incorporando o grao de satisfacción medio indicado, as continxencias ou dificultades atopadas e as suxestións de mellora propostas.

As propostas de mellora da programación poderán ser levadas á práctica durante un determinado período de proba, especificando se os resultados acadados con dita posta en práctica son ou non satisfactorios. Por último, recolleranse tamén as modificacións requiridas na programación para o vindeiro curso académico.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para levar a cabo a avaliación da práctica docente realizarase unha avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe (procesual) e unha avaliación da consecución dos obxectivos (final).

A avaliación procesual levarase a cabo durante o desenvolvemento das unidades didácticas do curso e servirá para detectar e corrixir as posibles dificultades que se atopen durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como para comprobar se o camiño cara a consecución das competencias é satisfactorio ou se é necesario realizar algún tipo de axuste como cambiar aspectos relativos á metodoloxía, á planificación e desenvolvemento das actividades, ou á avaliación das mesmas. Tamén servirá para comprobar se o plan de atención á diversidade é axeitado ou se é necesario ter en conta factores engadidos. O caderno docente servirá como instrumento para realizar este tipo de avaliación.

Por outra parte, a avaliación final respecto da consecución dos obxectivos levarase a cabo ao remate de cada avaliación trimestral e ao remate da avaliación ordinaria e servirá para valorar os resultados acadados polo alumnado respecto á consecución das competencias clave. O cómputo dos resultados acadados atendendo ás cualificacións obtidas polo alumnado irá acompañado dunha valoración das dificultades atopadas e dos posibles procesos de mellora da práctica docente para que melloren ditos resultados.

O alumnado participará na avaliación da práctica docente: ao finalizar cada avaliación, realizará un cuestionario (deseñado mediante un formulario en liña) con preguntas acerca da metodoloxía, actividades, recursos e avaliación.

9. Outros apartados